



www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/grao-intelixencia-artificial

Pendente de Verificación

Grao en Intelixencia Artificial



www.usc.gal



Intelixencia Artificial

O título de Graduado/a en Intelixencia Artificial proporciona a formación ampla, profunda e multidisciplinar que precisan os e as profesionais deste ámbito e que resulta imprescindible para construír os servizos e aplicacións intelixentes que están a ter un impacto tan importante nas nosas vidas a todos os niveis.

Tipo Presencial

Área Enxeñaría e Arquitectura

Centro Escola Técnica Superior de Enxeñaría
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n, 15782
Santiago de Compostela
etse.secredireccion@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudios/graos/enxenaria-arquitectura/grao-intelixencia-artificial

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4 cursos

Prezo: UE: 900 € aprox. / curso

Non UE: 5.200 € aprox. / 1º curso consultar

Número de prazas:

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

Tratase dunha titulación interuniversitaria de catro cursos (240 ECTS), coordinada pola USC, na que as materias dos dous primeiros cursos son comúns ás tres universidades. En terceiro e cuarto, na USC desenvolvemos a orientación en Tecnoloxías Intelixentes, cunha visión interdisciplinar que permitirá desenvolver aplicacións e servizos de éxito, que integren modelos e tecnoloxías propios da Intelixencia Artificial con outros procedentes das intelixencias e os comportamentos naturais.

Mobilidade e prácticas

A titulación promove e facilita a mobilidade dos/as estudantes mediante os programas de intercambio nacional (SICUE), europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

O Grao inclúe un módulo profesional que facilita cursar unha parte moi importante da especialización en ambiente empresarial. Por un lado, mediante as prácticas externas obrigatorias (ampliáveis), a posibilidade de realizar o TFG en empresas, coa participación directa de profesionais na docencia ou na Aula Profesional ETSE. Pero principalmente coa realización de varios proxectos integradores de IA, propostos por entidades externas, a realización de proxectos empresariais, e a metodoloxía docente orientada a proxectos. Trabállanse intensamente habilidades transversais, interpersoais, comunicativas e de traballo en grupo, esenciais para o exercicio profesional, e cunha metodoloxía docente orientada a proxectos.

Todo elo coa necesaria perspectiva da IA responsable e confiable, que vai guiar transversalmente todos a formación dos/as graduados/as, co obxectivo último de formar profesionais dunha intelixencia artificial centrada nas persoas.

